

No Dia de hoxe, festa nacional da Patria Galega, renovamos a nosa fe inmorredoiras nos destinos venturosos da TERRA.

Saudamos a todolos galegos que cobizamos xunquai baixo a bandeira santa da redención da Galicia, a Patria común.

Aos que pensan coma nós: Aos nosos nemigos: CON GALICIA; POR GALICIA; PARA GALICIA.

# A Nosa Terra

'BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA'

## NO DIA DE GALICIA

Hoxe, Dia da Patria, os galeguistas afirmamos a nosa vontade rexa e firme de percorrer sin repouso o vieiro da reconstrucción integral da Patria galega.

Si para nós todolos días do ano son días consagrados a Galicia, o de hoxe que avencella a todolos galegos en igual pensamento e devoción, significa para nós un dia de festa. Festa patriótica que Galicia ten como todolos pobos do mundo que viven a súa propia vida.

O noso ideal é Galicia. Por ser así, o dia de hoxe non representa máis que un compendio do noso pensamento, do noso espírito volcado de cheo nas esencias inmorredoiras da Nai Terra.

Acoguen hoxe as armas. Repousen hoxe en armisticio patriótico de homenaxe a TERRA as cotidiáns loitas políticas en defensa dos ideales particulares.

Que Galicia olle aos seus fillos, anque sexa hoxe nada máis, identificados en igual pensamento de consagrallle o seu amor, a súa devota admiración e vontade de traballar por ela.

Todos cabemos na Grande Obra. Todos, como galegos temos a obriga de cumplir co deber que o ser galego nos impón.

O Partido Galeguista por intermedio de A NOSA TERRA saúda con agarimo fondo aos irmáns. Aos amigos e aos nemigos.

E renova a súa promesa, o seu xuramento, de seguir na laboura que abrange para TERRA oarelado e grande DIA DE GALICIA que será aquel no que Galicia teña conquerido a súa redención, a súa recreación total.

## VERBAS DE CHUMBO

XIV

Os mendicantes deiqui son trascendentais e meten medo; pero todo é fantasia árabe. Hoxe achegouse un a min e dixome: «Companero: Hoy por ti; mañana por tí». E dispois achegouse a un garda civil e dixole: «Caballero: una limosna por el amor de Cristo».

Esta é unha Terra punxentemente misera. Tan triste que nin os borrachos saben cantar; porque o «flamenco» non é virtude ordinaria. Ai, o flamenco...!

Sentado no café vexo pasar diante da miña mesa un exército de mendicantes. Tamén pasan os cans vellos que lamben o cupe dos señoritos.

Nin os mendicantes deiqui son como os mendicantes de Galicia.

\*\*\*

A estas latitudes chegou a lenda da nosa probeza. ¿Será porque os nosos aristocratas afincan o seu orgullo de casta en papeleras vellos comestos dos ratos? ¿Será porque os nosos fidalgos contentan os seus anceos cun paxo en ruinas e algúns ferrados de terra hipotecada? ¿Será porque os nosos señoritos son uns probres bailarins de casinot? Sendo por estes razons é doido afirmar que o señorío deiqui conserva riquezas e privilexios inconcebibles.

*Verbas de Chumbo* (Continuación)

remunerarán. ¿Será porque os nosos aldeões queren apertamente vivir en bolelo? Sendo por estas razons e lenda carece de fundamento: porque é malo vivir en bolelo, porque é preferible emigrar, para gañarse a vida, que morrer de fame no terrón nativo; porque as vacas e os bois merecen máis amor que os touros bravos.

Tamén chegou a estas latitudes a lenda da nosa humildade. ¿Será porque non armamos unha revolución diaria para derrumbar os pendellos caciques? ¿Será porque non protestamos con violencia cando nos desamparan os gobernos de Madrid? ¿Será, acaso, porque temos modos e maneiras corteses para falar e comportarnos cos alleos? Velaí unha eiva que non pode achárcenos dende esta Hispania reacionaria e anacrónica, porque elíqu está o mesmo berce da humildade servil.

Pero ainda que nos favorezcan as comparacions e ainda que individualmente os galegos teñan azos para redimise da miseria, pola intelixencia, o traballo e a vontade, tamén é certo que o noso pobo carece de siso colectivo para exercitar os seus dereitos, presentándose como unha gres vencida e resifida diante do Poder.

Esto é verdade; pero ¿qué pasou para qué en Galicia as calidades individuais non concorden coas calidades colectivas? Para responder a esta pregunta sería forzoso ollar o pasado, i eu non sei...

\*\*\*

A realidade actual dá noxo; pero non podemos fuxir dela por escrupos inúteis, pois para modelar un pobo de barro é forzoso luxar as mens. De tal xeito se impón unha política de realidades que os mesmos defectos deben ser cultivados, para que se troquen en virtudes. Pundirse co pobo, sentir as anguiñas de súa resifación, infundirlle concencia da súa personalidade, derlle vida e vontade para existir. Primeiro ser; despóis tratar. Porque aquél que non ten fé absoluta nas virtudes en potencia do noso pobo, non ten dereito a galvanizalo con promesas eleitoraes.

Nós temos té no pobo e o pobo terá té en nós.

CASTELAO.

Xa chegaren os días  
Que os bardos anuncian  
Das gándaras largazias  
As brétemas oscuras o alongaran.  
Ven a madurezade  
Vosa mies verdecente;  
Galegos espertade,  
Baruda e forte xente;  
Vosa fouce afiade  
Como agudo crecente  
Vosa fouce famosa  
Vosa fouce robusta e fulgente  
Diantre de vos ondea  
A barda d'ouro ardente...  
Segade a vosa verdade,  
Ai d'aquel que non seja valente!  
Segade, galegos, con forza, segade.

PONDAL

## Oriflama do Dia da Patria

Co amor a Galicia doéndonos no peito; coa carreira patriótica ao recorde de tantas afrontas pasadas e presentes, de tantos aldraxes, de tantas incomprensións e de tantas inxusticias como foron alcatalando a nosa peregrinaxe; coa lembranza noonte mouro e a esperanza no manán craro; coa amargura da experiencia tristeira e a ledicia da fe inmorredoura, así imos os galeguistas pola-pola a unha emocional dunha Patria que perdera a súa gracia, a

## A autonomía, camiño de redención

¡Outro Dia de Galicia! E a mesma angueira de sempre: a do conquerimento da autonomía para nos poñer no camiño da redención.

A autonomía é o medio para un fin. E o fin... confina c' o infinito com' o mar co ceo. Tódalas posibilidades de superación bulgan no seu colo.

Restora é incomprensible que haxa un só galego con folgos propios para o discurso que calesquer que sefan as ideias que propofese deixe d'arrelar a autonomía da súa terra.

Galicia sin autonomía non será endexamés un gran pobo; Galicia, autónoma, de contido poñerse en camiño do ser.

¿Por qué? Porque d'aquela cantos problemas básicos nos afectan empíricamente por estenderse por todos e por preocupar a todos, porque a todos interesaría de maneira directa que ós solucionaren, soluciónaránse d'un xeito ou d'outro. A concencia estrita da vida en comunanza, rexida por gobernantes nosos cinguidos a unha responsabilidade case que familiar e palpabel, criaría a forza un senso político, un ar cibadán, ata nos máis

desaforados. A súa conciencia imperialista estatal quiso robar polo mundo, e a súa conciencia ibérica, que quiso despreciar a espléndida, rica e armónica variedade ibérica. Imos co avanzaos da Terra nos beizos e a ledicia dun cantar de rexurdimento nas almas. Cara adiante. O porvir. Non importa que os croyos do lameiro non megoen os pés, ni que os cans nos ouben, dende os silvados de todolos caminos. Unha lus, que vai outa, come a estrela que alumou os Reises da lenda ourental, é o noso guieiro. Unha vos, moi adentro, nos berra «adiante». Despois, cando revolten os anos e os cabelos se xien de branco, si sobrevivimos a nosa obra, ollaremos como os centos de rapaces-xa homes—que hoxe nos siguen, serán milleiros, serán millóns. Galicia terá xa o seu camiño. Lentóns, e carón dos nosos fillos, a veira dos nosos netos, podremos morrer tranquilos. Porque teremos granda e gloria de que sexa, ao fin, nosa a Terra en que apodrexan, sa-disteitos de dobrarse na cova, os corpos que xa non vellan para a loita...

X. ALVAREZ GALLEGO.



Non: eu non concibo as eisaltacións como non concibo as diversións a data fixa. As eisaltacións i-as diversións deben de ser espontáneas, motivadas por algo do intre.

Non embargantes, eu quixería que iste Dia de Galicia, tendo por motivacións as circunstancias d-autualidade, fora un Dia de eisaltación d-os valores ga-

legos, un d-ises días en que o curazón das xuventudes pega pulos no peito, fai poñer circulo arco das nosas conviccions e lança a flecha dos nosos ideales patrióticos hasta máis alá da meta.

I-e que iste Dia de Galicia sexa a tónica de que todo galego considere Dias de Galicia, trescentos sesenta e cinco días de cada ano.

Francisco M. Piñeiro

Porto de Cariño,

